

BLOQUE 3. SÉCULO XIX

TEMA 14. A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL: PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENZAS ENTRE AS FAMILIAS POLÍTICAS DA ÉPOCA

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece as **características xerais do liberalismo**, distinguindo as dúas correntes básicas dentro da ideoloxía liberal que darán lugar ás tres grandes familias políticas da época; **relacionar eses principios ideolóxicos coas diferentes constitucións** e **identificar os principais líderes das diferentes familias políticas**; indicar que tendencia era a preferida pola monarquía e diferenciar, a teor diso, as distintas **etapas do reinado isabelino** sen afondar nas mesmas.

Ao longo do reinado de **Sabela II (1833-1868)** consolidouse en España o Estado liberal. As diferenzas e disputas entre os distintos grupos liberais sobre os principios configuradores do Estado, provocaron frecuentes cambios constitucionais e políticos entre as dúas tendencias: a **progresista**, vixente entre 1836 e 1843, e a **moderada**, entre 1843 e 1868.

1. LIBERALISMO DOUTRINARIO: MODERADOS E PROGRESISTAS

O **liberalismo doutrinario** foi a corrente maioritaria en España e toda Europa durante o século XIX. Xurdiu como reacción ante os excesos revolucionarios e o temor dos grupos poderosos a perder a súa posición hexemónica na sociedade ante as demandas populares. Os seus **trazos definitorios** son:

- **Monarquía constitucional como forma de Estado e de goberno** na que:

- a) Todas as institucións do Estado, incluída a Coroa, exercen os seus poderes de acordo coa **Constitución**.
- b) O poder executivo e a dirección política é exercida pola **Coroa**, quen nomea e cesa libremente os ministros do Goberno (na práctica, *o rei reina e goberna a través dos seus ministros*). Os ministros son responsables da súa actuación ante as Cortes e necesitan tamén da súa confianza para gobernar (*sistema da dobre confianza*). En caso de conflito entre o Goberno e as Cortes, o rei pode disolvelas ou cambiar os ministros.
- c) A Coroa comparte o **poder lexislativo** coas **Cortes**, de modo que as leis xorden da vontade conxunta de ambas institucións.
- d) O **rei** ten o **dereito de convocatoria, suspensión e disolución das Cortes**, o que lle permite actuar de árbitro (poder moderador) entre o executivo e o lexislativo e manter controladas e subordinadas as Cortes.

- **Soberanía compartida.** A fonte de todo o poder é a nación, que se identifica coas institucións políticas tradicionais: a **Coroa** e as **Cortes**. O rei, conxuntamente coas Cortes, representan a nación, e exercen e son depositarios da soberanía. O poder do rei lexítimase non só por ser representante da nación, senón tamén pola intervención da **providencia divina** (rei pola graza de Deus e da Constitución).

- **Restricción da participación política (*gobierno oligárquico*).** A política debe ser un traballo realizado polos homes máis capaces e intelixentes (soberanía da intelixencia). Considerando que a vontade xeral non se pode coñecer pola simple suma dos intereses particulares de todos os habitantes (cualificada como tiranía do número), o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado unicamente a aqueles que posúan un determinado nivel económico ou cultural: **sufraxio censatario**.

- **Limitación dos dereitos individuais**, que debían estar regulamentados e figurar por escrito con límites precisos no seu exercicio, xa que, do contrario, segundo os **liberais doutrinarios**, podían xerar insdisciplina e desorde social.

- **Catolicismo de Estado e restrición da liberdade de cultos.**

Estes principios foron asumidos, en maior ou menor medida, polos grupos burgueses pero existiron fortes diferenzas á hora de poñelos en práctica e causaron a **división** dos liberais en **moderados** e **progresistas**. As principais diferenzas estaban en: a concreción e definición da soberanía; a separación e exercicio do poder; o réxime de dereitos e liberdades, especialmente o dereito ao sufraxio; a cuestión relixiosa; e a forma e organización territorial do Estado.

a) Os moderados ou conservadores asumiron plenamente a defensa dos principios do liberalismo doutrinario. Foron os que exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españois e o apoio dos grupos poderosos da sociedade. Defenderon o sufraxio censatario moi restritivo e un Estado unitario e centralizado a través do control da vida municipal (nomeadamente de alcaldes polo Goberno).

b) Os progresistas aceptaron gran parte dos principios do liberalismo doutrinario, pero reclamaban a primacía das Cortes sobre o rei, a descentralización municipal e unha interpretación máis ampla das liberdades. Moitas veces tiveron que empregar a conspiración e a violencia como medio para alcanzar os seus obxectivos. Tamén foron defensores das modificacións lexislativas favorables ao desenvolvemento das actividades económicas capitalistas (desamortizacións, ferrocarrís...).

CARACTERÍSTICAS	PARTIDO MODERADO	PARTIDO PROGRESISTA
Apoios sociais	Aristocracia e alta burguesía	Clases medias e pequena burguesía
Forma de Estado	Monarquía Constitucional	Monarquía Constitucional
Soberanía	Compartida entre as Cortes e o rei	Nacional, predominio das Cortes
Sufraxio	Censatario moi restrinxido (0,2%-2% con dereito a voto)	Censatario máis amplo (2-5% con dereito a voto)
Dereitos	Individuais, con máis restricións	Individuais, sen limitacións
Poder Executivo	A Coroa. Exerceo a través do goberno, ten amplos poderes	A Coroa, poder limitado polas Cortes
Poder Lexislativo	Compartido entre o rei e as Cortes	Cortes con algunha atribución do rei
Parlamento	Bicameral Congreso: elixido por sufraxio Senado: designados polo rei	Bicameral Congreso e Senado elixidos por sufraxio
Relixión	Estado confesional: católico	Tolerancia relixiosa
Poder Local	Alcaldes designados polo goberno	Alcaldes elixidos polos veciños
Constitución propio	1845	1837
Política Económica	Proteccionismo Defensa dos intereses dos terratenentes Defenden impostos indirectos	Reformas profundas e radicais: Desamortización Librecambismo
Acceso ao poder no reinado de Sabela II	A Raíña chámalos sempre a gobernar. Amaño electoral	Recurso ao pronunciamento
Xeneral ao mando	Narváez	Espartero

2. O RÉXIME DO ESTATUTO REAL E O TRIUNFO DO LIBERALISMO. 1833-1836

En **1833**, á morte de **Fernando VII**, a súa muller **María Cristina de Borbón** converteuse na rexente do reino no nome da súa filla, a raíña **Sabela II**, menor de idade. Para asegurar o trono, tivo que buscar apoios entre os sectores máis moderados (tanto dos realistas como dos liberais), fronte ás pretensións do partidarios do absolutismo que apoiaban o pretendente **Carlos de Borbón**.

Para facilitar o apoio dos liberais, **María Cristina** decretou unha amnistía que permitiu o retorno dos exiliados e realizou diversas reformas que non alteraban o poder da Coroa. Tivo que enfrontarse tanto aos carlistas, nunha **guerra civil** que rematou en 1839, como aos **liberais radicais**, que conseguiron facer triunfar a revolución de 1836.

2.1. A reforma provincial

Foi decretada en 1833 polo goberno de **Cea Bermúdez** e realizada por **Javier de Burgos**, ministro de Fomento. España foi dividida en **49 provincias** (as mesmas da actualidade agás Canarias que daquela formaba unha soa provincia), modificándose así as vellas divisións administrativas e desaparecendo os antigos reinos medievais. A reforma buscaba maior recionalización e control territorial; á fronte de cada provincia estaba o **Xefe Provincial**, antecedente do **Gobernador Civil**.

2.2. A desaparición do Reino de Galicia

Foi un proceso iniciado en 1808, cando a **Xunta do Reino** se mostrou ineficaz para dirixir a guerra contra os franceses, aparecendo as **Xuntas de Armamento e Defensa (1809)**. **Fernando VII** suprimiu a capacidade representativa do Reino en 1818, de modo que a **Xunta do Reino** perdía o dereito de formular peticións ao monarca, e unicamente conservaba o dereito de sortear os comisarios encargados de cobrar en Galicia o **imposto dos millóns** (imposto sobre seis produtos de primeira necesidade establecido en 1590).

En 1834 tivo lugar a derradeira xuntanza das **Xuntas do Reino**, ao tempo que era suprimida a **Deputación Xeral e Galicia**. Deixaba así de existir, legalmente, o **Reino de Galicia**. No seu lugar, quedaba organizada como rexión dividida nas catro provincias que se manteñen na actualidade.

2.3. O Estatuto Real

En 1834 a presión dos liberais logrou que **María Cristina** nomease presidente do Goberno a **Martínez de la Rosa** e cedese certas concesións políticas, entre a que cómpre destacar o **Estatuto Real**, no que se precisaban os trazos dun réxime político aínda moi moderado. Pódese considerar unha **Carta Outorgada** na que a **Coroa** renunciaba a manter en exclusiva o poder e admitía unha ampla participación política a favor das clases posuidoras (a vella nobreza e a alta burguesía, apenas un 0,15 % da poboación); os dereitos dos cidadáns non aparecían recollidos e a separación de poderes nin se mencionaba.

3. AS REVOLUCIÓN DE 1835 E 1836

A lentitude das reformas, as dificultades provocadas pola guerra contra os carlistas e a extensión da primeira epidemia de cólera propiciaron que, entre **xullo e agosto de 1835**, nas principais cidades de España se produciran numerosas revoltas, motíns e pronunciamentos (**revolución de 1835**) de carácter popular estimulados, principalmente, polos liberais radicais. Formáronse xuntas locais que, en moitos lugares, asumiron o goberno e esixiron cambios á **Rexente**.

Ante esta situación, en setembro de 1835 **María Cristina** confiou o Goberno a **Mendizábal**, político liberal cun pasado radical, quen realizou numerosas **reformas socioeconómicas** entre as que destacan:

1. O **restablecemento das Deputacións provinciais**, nas que foron incorporados os membros das xuntas.
2. A **supresión dos conventos** (debido ao seu apoio ao carlismo) e a exclaustación dos seus membros, coa excepción daquelas ordes monásticas que prestasen servizos de auxilio social (coidado de enfermos, educación dos pobres) e os conventos femininos.
3. A **expropiación e venda dos bens das ordes eclesiásticas suprimidas** (clero regular), a desamortización eclesiástica, coa finalidade de solucionar os problemas facendísticos, recadar diñeiro para financiar a guerra contra o carlismo, ampliar os adeptos de **Sabela II** e desmantelar o poder económica da Igrexa, considerada como un baluarte do **Antigo Réxime**.
4. O establecemento do **principio liberal do servizo militar obrigatorio**, especialmente necesario para derrotar os carlistas. Ante as protestas dun chamamento masivo a filas, **Mendizábal** recorreu ás exencións de alistamento mediante pagos (redención de quintas); estas exencións beneficiaron claramente ás clases poderosas (que puideron librarse do servizo militar e da guerra) e foron discriminatorias para a maioría das clases humildes, acentuándose así a súa integración no sistema.

A actuación de **Mendizábal** orixinou unha forte desconfianza na raíña rexente e nos sectores moderados, sendo substituído en maio de 1836 por **Istúriz** liberal moderado. A paralización das reformas acentuou de novo as protestas dos radicais. Nos meses de xullo e agosto de 1836 producíronse novos levantamentos populares nas cidades (revolución de 1836) que crearon novas xuntas. O pronunciamento das tropas encargadas da protección da raíña (*Motín dos sarxentos da Granxa*, 13/08/1836) obrigou a raíña rexente a xurar e **restablecer a Constitución de 1812**.

4. O RÉXIME PROGRESISTA DE 1837

Nas Cortes convocadas en 1836 para reformar a Constitución de Cádiz, os **progresistas**, de acordo cunha parte do moderados, elaboraron unha **nova Constitución** que foi promulgada en 1837.

4.1. A CONSTITUCIÓN DE 1837

Elaborada co obxectivo básico de garantir a estabilidade política e a alternancia no poder entre progresistas e moderados, esta Constitución abandonaba os principios democráticos que inspiraron a de Cádiz e adoptaba os principios do **liberalismo progresista**:

- **Soberanía compartida** entre a Coroa e as Cortes, con claro predominio das Cortes.
- A **Coroa exercía o poder executivo**, nomeaba e separaba libremente os seus ministros, compartía coas Cortes o lexislativo, sancionaba ou vetaba as leis e convocaba, suspendía e disolvía as Cortes, aínda que neste caso tiña que convocalas de novo ao pasar tres meses.
- **Cortes bicamerais** formadas por **Congreso** e **Senado**, que posuían iniciativa legal e eran colexisladoras; os deputados eran elixidos por sufraxio censatario directo, mentres os senadores eran nomeados pola **Coroa** entre unha lista tripla por cada provincia.
- **Elección popular dos Concellos**.
- Restablecemento da **Milicia Nacional**.
- Declaración explícita de **dereitos e liberdades individuais**, entre os que destacaban a igualdade ante a lei e a liberdade de imprenta sen censura previa.
- Certa **tolerancia relixiosa**: o Estado non se declaraba explicitamente confesional, aínda que se comprometía ao mantemento do culto católico.

4.2. A REXENCIA CONSTITUCIONAL DE MARÍA CRISTINA DE BORBÓN. 1837-1840

Contando co apoio da raíña rexente os **moderados** (a partir de outubro de 1837) fixéronse co control do goberno. Reforzados nas súas posicións foron abandonando o espírito conciliador cos progresistas (establecido na **Constitución de 1837**) e tentando impoñer o seu programa. Tras gañar as eleccións xerais de 1840, acusadas de estar amañadas polos progresistas, aprobaron, en xullo de 1840, unha nova *Lei municipal* que restrixía o número de votantes e estalecía o nomeamento de alcaldes polo Goberno entre os concelleiros que saíran elixidos. Esta medida suscitou a oposición e protesta dos progresistas e da **Milicia Nacional**, que protagonizaron diversos motíns e levantamentos.

Para frear esta marea revolucionaria, **María Cristina** nomeou novo xefe de Goberno a **Espartero**, un militar de prestixio e xefe do partido que inicia en España a serie dos espadóns. Os progresistas pretenderon impoñer a **María Cristina** a correxencia con **Espartero**, pero a negativa da raíña rexente a aceptar limitacións do seu poder provocaron a súa renuncia á rexencia e o seu exilio a Francia (12/10/1840).

4.3. REXENCIA DE ESPARTERO. 1840-1843

Tras a marcha da raíña rexente, **Baldomero Espartero**, o líder dos progresistas, converteuse en rexente en outubro de 1840. Entre as medidas adoptadas polo novo rexente destacan:

- **A ampliación da desamortización eclesiástica** (iniciada por **Mendizábal**) coa desamortización dos bens do clero secular en setembro de 1841. O seu obxectivo básico era de carácter fiscal, recadar fondos para Facenda, e ao mesmo tempo favorecer á base social liberal.
- **O intento de resolución do problema foral vasco e navarro.** O **Convenio de Vergara**, asinado por **Espartero** cos **carlistas**, recollía o acordo ambiguo de respectar os foros en todo aquilo que non fose contra a unidade de España e fose compatible coa **Constitución de 1837**. En 1841, a *Lei paccionada* recoñeceu a **Navarra** o dereito a conservar parte das súas institucións e particularidades forais, entre as que destacaba a **autonomía fiscal**, a cambio da aceptación do réxime común administrativo e electoral nese territorio e o pago dun **cupo económico** (pago ao Estado polos servizos que este prestaba na provincia). No caso vasco, a negativa das súas autoridades a realizar calquera concesión provocou a supresión dos seus privilexios forais (recuperados parcialmente en 1844 tras a caída de **Espartero**). As concesións dadas a **Navarra** significaron a renuncia ao principio de unidade institucional do Estado, por canto se admitía a existencia de réximes específicos e diferentes do común.

4.4. MAIORÍA DE IDADE DE SABELA II. INICIO DO SEU REINADO PERSOAL

O crecente autoritarismo de **Espartero** provocou a oposición e o descontento dos moderados, de diversas faccións dos progresistas e das masas populares (acentuado tras o **bombardeo de Barcelona**, en decembro de 1842, para reprimir a sublevación da cidade, enfrontada con **Espartero** pola súa política librecambista). No verán de 1843, o triunfo de diversos pronunciamentos obrigaron a **Espartero** a renunciar á rexencia e a

exilarse en Londres. O novo goberno, presidido polo progresista **Olózaga**, contou co apoio dos moderados para decidir o adiamento da maioría de idade de **Sabela II** que, con 13 anos, iniciou o seu **reinado persoal** en novembro de 1843.

5. O RÉXIME MODERADO DE 1845

Entre **1843 e 1868** a vida política española estivo marcada pola personalidade e carácter da nova raíña **Sabela II**. De escasa formación, cun matrimonio desgraciado co seu curmán **Francisco de Asís** (*Antes abdico que casar con Paquita!*, exclamara ao coñecer a noticia da voda, que se lle impón por razón de Estado), a raíña protagonizou numerosos escándalos e levou unha intensa e desordenada vida amorosa extramatrimonial de fonda repercusión na vida política. Ademais, os seus problemas de conciencia fixeron que na Corte tiveran unha especial influencia o seu confesor, o **padre Claret** e, sobre todo, sor **Patrocinio das Chagas**; os seus consellos foron recompensados con accións favorables aos intereses da Igrexa.

Sabela II confioulle o goberno, agás en breves etapas, a políticos moderados ou ultramoderados entre os que destacaron espadóns coma **Narváez** e **O'Donnell**. A **Constitución de 1845** incrementou o poder da Coroa, ao tempo que se implantou unha forte centralización política e administrativa e un sufraxio moi restrinxido. A represión e a corrupción electoral fixo que os progresistas recurrisen á violencia e aos pronunciamentos, se ben só acadaron o poder en 1854. Desta maneira, o reinado de **Sabela II** ímolo dividir en tres periodos: a **Década Moderada (1843-1854)**; o **Bienio Progresista (1854-1856)** e o periodo de **Unión Liberal (1856-1868)**.

5.1. A CONSTITUCIÓN DE 1845

Cara a finais de 1843 a raíña confioulle o goberno aos **moderados**, dirixidos por **Narváez**. As novas Cortes elaboraron unha nova **Constitución**, moderada, que se aprobou en 1845:

- a) soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes.
- b) supremacía política da Coroa, que ten o executivo, comparte o lexislativo e a soberanía coas Cortes, nomea libremente aos ministros, designa aos senadores e pode convocar e disolver as Cortes.
- c) sufraxio fortemente censatario (a participación política dos cidadáns non chegaba ao 1%).

- d) restriccións das liberdades individuais con, por exemplo, censura na prensa.
- e) confesionalidade católica do Estado.

5.2. A DÉCADA MODERADA OU DE NARVÁEZ. 1844-1854

Desde o comezo do reinado de **Sabela II** os moderados actuaron de acordo cos seus intereses (alta burguesía e aristocracia), tratando de controlar en exclusiva o Goberno e controlando políticamente o Estado con medidas derivadas da Constitución de 1845, entre as que cómpre destacar:

a) a creación da Garda Civil, coñecida popularmente como a **Benemérita**, (1844), un corpo militar baixo as ordes directas do Goberno que substituíu á **Milicia Nacional**, para controlar ás masas populares, manter a orde pública, reprimir as alteracións sociais e defender o dereito á propiedade privada.

b) unha nova Lei de Concellos (1845), que impoñía o nomeamento directo dos alcaldes das capitais provinciais desde o Goberno central ou polos gobernadores civís nas cidades máis pequenas. Ademais, limitouse a autonomía municipal e das deputacións, reforzando o centralismo administrativo.

c) unha nova *Lei electoral* que restrinxía a participación política a unhas 100.000 persoas con dereito a voto (apenas un 1% da poboación).

d) a reforma tributaria dos ministros Mon e Santillán: baseada nos principios de igualdade e proporcionalidade fiscais, reducía os múltiples impostos existentes a dúas categorías: os directos (a contribución territorial, por exemplo) e os indirectos (aduanas, tabacos, consumos...). Os comerciantes e os industriais protestaron, pois nunca tiveran que pagar pola súa actividade, pero os máis perxudicados foron os sectores populares da sociedade que viron aumentada a presión fiscal a través dos impostos indirectos, o que derivou en varios motíns contra os chamados consumos.

e) o Concordato con Roma de 1851: a Igrexa acepta a perda do seu patrimonio afectado polas desamortizacións a cambio do mantemento do catolicismo como relixión oficial e única do Estado, o control da educación, o recoñecemento da súa capacidade como salvadora dos costumes e unha dotación para o culto e o clero.

Os progresistas máis radicais, perante a imposibilidade de acceder legalmente ao poder, organizaron numerosos pronunciamentos (**Bonet, Solís, O'Donnell...**) pero todos eles fracasaron. En Galicia, os progresistas protagonizaron en 1846 un pronunciamento que, iniciado en Lugo, foi encabezado por **Miguel Solís**. Rapidamente varias cidades galegas apoiaron o pronunciamento (agás A Coruña e Ourense, controladas polo

Goberno) e os revolucionarios estableceron unha **Xunta Superior de Galicia**, da que foi secretario o galeguista **Antolín Faraldo**. Pero os revolucionarios foron derrotados e **Solís** e once dos seus oficiais foron fusilados en **Carral**, preto da Coruña (son os **Mártires de Carral**). O levantamento de 1846 ten, ademais, unha importancia especial para Galicia pois, xunto ás peticións progresistas, reclámanse xa os esbozos dun primeiro provincialismo e da reivindicación do feito diferencial galego.

Ao mesmo tempo, en **Cataluña**, desenvolveuse a **Segunda Guerra Carlista** (1846- 1849; *guerra dos matiners*); ademais da defensa dos dereitos ao trono do pretendente **Carlos** (o que sería **Carlos VI**), os campesiños cataláns **protestaban pola crise agraria, os impostos e o recrutamento do exército**. Os protagonistas non conseguiron o seu obxectivo e a represión foi moi dura. Ao carácter cada vez máis ultramoderado do goberno uniuse o aumento do descontento, mesmo dentro do propio partido moderado. Así, un sector dos moderados conspirou cos progresistas para derrocar o réxime.

6. BIENIO PROGRESISTA (1854-1856)

En **1854**, os progresistas e unha parte dos moderados (descontentos co goberno de **Narváez**) protagonizaron un pronunciamento militar coñecido como a **Vicalvarada** (en Vicálvaro, Madrid), encabezado por **O'Donnell** e cun programa (o **Manifesto do Manzanares**), no que se recollían as aspiracións políticas da revolución.

Atemorizada e sen apoios, a raíña nomeou xefe de Goberno a **Espartero** e as novas Cortes elaboraron unha nova Constitución, que non chegou a promulgarse (a **Constitución de 1856**, a non nata, semellante á de 1837). As principais medidas do novo Goberno progresista foron:

a) a Lei de desamortización xeral (1855) de Madoz; poñía á venda os bens propios e comúns dos **Concellos**, das **Ordes Militares** e das **institucións de beneficencia**. Supuxo un duro golpe para a economía dos concellos, que perderon unha importante fonte de ingresos e para os campesiños máis pobres (especialmente no sur), incapaces de mercar as parcelas que se subastaron e que perderon o acceso e o uso comunitario das terras até ese momento comunais, convertíndose en xornaleiros. Este empeoramento das condicións de vida do campesiñado derivará nun aumento da conflictividade social nas áreas rurais máis pobres.

b) a Lei de ferrocarrís (1855), que sentou as bases do tecido ferroviario español.

As diferencias entre **Espartero** e **O'Donnell**, as divisións dentro do partido progresista, a oposición dos moderados, a falta de apoio popular e o autoritarismo renovado de Espartero desembocaron nunha grave inestabilidade política. Aproveitando esa confluencia de factores, en 1856 **O'Donnell** deu un novo golpe e voltou apartar do poder a **Espartero** e os progresistas.

7. DÉCADA MODERADA-UNIONISTA (1856-1866)

O periodo de **Unión Liberal** (1856-1868) Até 1868 alternaranse no poder os moderados, presididos por **Narváez**, e os membros de **Unión Liberal**, a formación política liderada por **O'Donnell** na que entran os membros da esquerda máis moderada e a dereita máis progresista (unha especie de partido de centro). O resto das forzas políticas (progresistas, radicais, demócratas, republicanos...) quedan completamente marxinadas e fóra do xogo político. A **Constitución de 1845** foi restaurada e a estabilidade política só se viu interrompida polos intentos revolucionarios dos demócratas e polas revoltas dos campesiños e os xornaleiros andaluces, afectados pola desamortización de **Madoz** e a falta de traballo (cómpre destacar a **sublevación de Loja** de 1861). A estabilidade interna deu pé a unha política exterior na que se tratou de recuperar o prestixio internacional; a pesares dalgún éxito aillado, o balanço non foi positivo e as accións militares na **Cochinchina**, **Marrocos**, **México** ou **Santo Domingo** apenas aportaron ningún beneficio. Foi neste contexto no que o galego **Méndez Núñez** participou na **Guerra do Pacífico** contra Perú e Chile, na que a escuadra española foi derrotada (e na que o militar pronunciou a célebre frase: *máis vale honra sen barcos que barcos sen honra*).

8. A FIN DO REINADO. O BIENIO ULTRAMODERADO (1866-1868)

En 1866 as discrepancias entre a raíña e **O'Donnell** provocaron unha crise política e o líder de **Unión Liberal** foi expulsado a Francia. **Narváez** asumiu novamente o Goberno e, de maneira case dictatorial, tentou reprimir a avalancha das forzas opositoras; foi o denominado **Bienio Ultramoderado** (1866-1868). No exilio, progresistas e demócratas, dirixidos por **Prim**, acordaron unir as súas forzas para derrocar a **Sabela II**

(*pactos de Ostende e de Bruxelas*). Tras a morte de **O'Donnell**, un sector dos unionistas, encabezado por **Serrano**, contactou coas forzas antiborbónicas. Cando en abril de 1868 faleceu tamén **Narváez**, a raíña ficou soa. En setembro, unionistas, progresistas e demócratas, apoiados polo pobo e o exército, encabezaron unha revolución que acabou por destronar a **Sabela II**.

ETAPAS	ANOS	GOBERNOS
Rexencia de María Cristina de Borbón	1833-1840	- Gobiernos moderados . - Breve paréntese progresista . - Motín da Granxa, 1836
Rexencia de Espartero	1840-1843	- Gobierno progresista - Decorado por xenerais de tendencia moderada: <u>Revolución Centralista</u>
Maioría de Idade de Isabel II	1843-1854 Década Moderada 1854-1856 Bienio Progresista 1856-1868 Década Unionista Moderada- Crise moderantismo	- Gobiernos moderados Narváez/Bravo Murillo - Derrocados por pronunciamento de Vicálvaro: <u>Manifiesto de Manzanares</u> (O'Donnell, Serrano) - Gobierno progresista de Espartero - Derrocado: <u>golpe militar</u> de de O'Donnell (unionistas) - Gobiernos unionistas Narváez/O'Donnell - Ditadura moderada de Narváez - <u>Pacto de Ostende</u> : progresista/unionista <u>Revolución Gloriosa 1868</u>